



Plataforma para a defensa da Ría do Burgo

**COMISIÓN DE PETICIÓNS PARLAMENTO EUROPEO
SECRETARIADO
PARLAMENTO EUROPEO
RUE WIERTZ, 60
1047 BRUSELAS (BELXICA)**

Entidades que integran a Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo

ASOCIACIÓNS ECOLOXISTAS:

ADEGA (ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA)

ASOCIACIÓNS VECIÑAIS:

- ATOCHAS-MONTE ALTO
- O NOSO BURGO
- RIO TRABE
- AGRA DO ORZÁN
- OZA-CASTROS-GAITEIRA
- ALMEIRAS
- AMIGOS DA CORVEIRA
- SÉSAMO
- VAL DE VEIGA
- O TEMPLE
- FEDERACIÓN DE AA. VV. DA CORUÑA E ÁREA METROPOLITANA
- FEDERACIÓN DE AA.VV. DE CULLEREDO
- PLATAFORMA PARA A DEFENSA DO TRANSPORTE PÚBLICO E SUSTENTÁBEL DE A CORUÑA.

ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS:

- BNG
- E.U.
- GALIZA NOVA
- AGRUPACIÓN PROGRESISTA DE CULLEREDO E DE ABEGONDO
- NÓS-UP.
- PP de Cambre

SINDICATOS:

- CIG
- CGT
- CSIF
- SINDICATO DE ESTUDIANTES
- COMITÉS ABERTOS (CAF-CAE)

VARIOS:

- ASOCIACIÓN DE HOSTELERÍA DE CULLEREDO
- CONFRARÍA DE PESCADORES DE A CORUÑA
- CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE CULLEREDO
- ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE CULLEREDO
- UNIÓN DE GARDAS CIVÍS DE GALICIA
- CLUBE DE REGATAS DE PERILLO

EXPÓN.-

PRIMEIRO.- A Plataforma para a defensa da ría do Burgo foi creada para a defensa e protección da ría do Burgo, así como para o asentamento de diferentes especies da flora e fauna que existen nun contorno de 1, 5 millóns de metros cuadrados e todo o seu contorno paisaxístico.

SEGUNDO.- O ámbito de A Plataforma para a defensa da ría do Burgo abarca os catro concellos limítrofes da ría que son: Cambre, A Coruña, Culleredo e Oleiros

TERCEIRO.- Exposición dos feitos denunciados.-

I.- A Ría do Burgo da Coruña caracterizouse sempre por ser unha boa zoa para o baño, actividades deportivas náuticas e terrestres e conta cun dos paseos marítimos máis longos de Europa unindo tres concellos: Cambre, Coruña e Culleredo, o cal é moi frecuentado por todos os veciños, incluso puntualmente por turistas a modo de excursións guiadas para contemplar a

diversidade de especies tanto mariñas como terrestres e aéreas, que viven tanto de forma permanente como por migración.

A situación de contaminación, derivada dun consentimento por parte dos gobernos locais e do propio goberno autonómico desde fai máis de 25 anos, non só afecta ao anteriormente citado senón que tamén afecta tanto á calidade das augas de baño como aos areas naturais das praias de Santa Cristina e As Xubias, poñendo en perigo a futura subsistencia e a economía dos hostaleiros y demais empresas da zona, senón que constitúe un verdadeiro risco para a saúde, dado que a uns escasos 100 metros de ditas praias atópanse tres hospitais: o hospital universitario de A Coruña, o hospital oncológico de la Vaca, e o hospital materno infantil Teresa Herrera, constituíndo un importantísimo foco de contaminación ambiental da zoa e sufrindo ao mesmo tempo unha importantísima degradación medioambiental digna de apreciar pola comisión europea á que nos diriximos.

A pesar das continuas denuncias por vertidos por parte desta plataforma e do coñecemento da grave situación desde moito tempo atrás, os responsables públicos permiten este grao de contaminación sen poñer solución a este grave problema. A Xunta intentou un plan de saneamento no ano 1986 e no ano 2001 prometeu o saneamento integral da ría e o dragado do seu fondo para eliminar a contaminación – plan 2001-2006 cunha inversión de 78 millóns de euros e participación de financiamento europeo.

No tema dos vertidos urbanos, aínda A Coruña, Oleiros, Cambre e Culleredo, concellos nos que residimos os integrantes desta plataforma, seguen vertendo as súas augas residuais directamente á Ría del Burgo sen depurar, á espera da posta en funcionamento da depuradora de Bens (anunciada para o 2010, que sen embargo agora xa se retrasará ata o ano 2011, nas últimas previsións, data sen determinar).

A cidade da Coruña é a única de máis de 200.000 habitantes (na actualidade 250.000) de todo o Estado que non conta con depuradora de augas residuais; Oleiros conta con 31.500 habitantes; Culleredo, 26.700 e Cambre 22.500 habitantes todos eles cun importante crecemento urbanístico en fase de construción que agravará aínda máis a degradación medioambiental desta ría.

Outros vertidos de orixe industrial favoreceron a degradación da zoa: empresas como o matadeiro Fricosa, fábrica de Aceites Bunge, Frigoríficos Conchado, Xabóns la Toja e fertilizantes Cross, todas elas nas proximidades das beiras da ría e que verten directa e indiscriminadamente todos os seus residuos sen ningún tipo de tratamento, e carecendo de

conexión ao alcantarillado das redes municipais tendo coñecemento tanto as autoridades locais como autonómicas.

A incompetencia da Administración e a absoluta deixación de funcións póñense de manifesto cando non se fai o posible pola total eliminación dos vertidos, focos contaminantes e lodos depositados nos fondos mariños.

II .O pasado mes de xuño de 2008 a Fiscalía de delitos medioambientais presentaba unha denuncia ante un xulgado de A Coruña (Xulgado de Instrución nº 1 de A Coruña), información publicada na prensa e contrastada cos individuos persoados na causa, polos vertidos continuados á ría investigados durante un ano, e a consecuencia das continuas denuncias presentadas por particulares e entidades; mais a día de hoxe non existe ningunha sentenza na cal existan responsables de ditos vertidos.

Nos anos 2008, 2009 e 2010 séguense a producir vertidos contaminantes á Ría, emisións que foron denunciadas non só ante os organismos responsables senón tamén ante os Xulgados de Instrución de A Coruña.

Nas denuncias destes vertidos interviron organismos como o Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (Seprona) ou organismo autónomo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, os que procederon tanto á toma de mostras do vertido como de fotografías, e ao levantamento de acta sobre os feitos.

III.- As xestións realizadas pola plataforma en defensa da ría do Burgo foron moitas, pero infrutuosas, toda vez que as administracións públicas con competencia na materia fan oídos sordos e persisten na total deixación das súas funcións, sen articular medidas para a solución de tan grave problema – coñecido dende fai moitos anos – e escudándose “os uns nos outros”, chegando a afirmar incluso – sen ruborizarse – que “non hai presuposto para a rexeneración da Ría nos anos 2009 e 2010”, supoñendo isto un auténtico atentado á cidadanía.

O anterior leva a unha situación de auténtica indefensión, e a pesar da continua solicitude de información a diferentes organismos públicos con competencia na materia acerca da situación dos vertidos, resultados dos análises realizados, situación sanitaria das augas, expedientes sancionadores abertos a entidades e empresas causantes dos vertidos, a resposta foi sempre nula.

IV.- Disposicións do Dereito comunitario que consideranse infrinxidas.-

- Directiva do Consello 79/923/CEE de 30 de outubro, sobre normas relativas á calidade das augas.

- Directiva 91/271/CEE do Consello, de 21 de maio de 1991, relativa ao tratamento das augas residuais urbanas: incumprimento do prazo límite fixado no 21 de decembro de 2000. Está previsto que a Estación Depuradora de A Coruña non conclúa ata o ano 2011.

- Directiva 2006/113/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa á calidade esixida ás augas para a cría de moluscos: obrigación de adoptar as medidas oportunas para a redución da contaminación.

V.- Organismos públicos que incumpriron o Dereito Comunitario:

Administración central ou estatal.-

- Ministerio de Medio Ambiente: con competencia en materia de dominio público marítimo-terrestre y redución da contaminación por vertidos ao medio mariño.

Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Xunta de Galicia).-

- Augas de Galicia dependente da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia: competente para a asignación de autorizacións de obras e instalacións de vertidos industriais e contaminantes ás augas do litoral galego, así como o control dos vertidos contaminantes ao litoral e ao seu control.

- Consellería de Medio Ambiente: competencia en materia de saneamento de augas residuais.

- Consellería do Mar da Xunta de Galicia: competente na loita contra a contaminación e mellora da recuperación dos espazos litorais segundo o Decreto 500/2005, do 15 de setembro polo que establece a súa estrutura orgánica.

Administración local.-

- Concellos de A Coruña, Oleiros, Cambre e Culleredo: con competencias en materia de medio ambiente, tratamento e vertido de augas residuais, e control sobre a súa rede de saneamento.

VI.- Debido ás infraccións do Dereito comunitario que están cometendo organismos da administración estatal, autonómica e local en relación co lamentable estado de contaminación da Ría do Burgo (A Coruña) a consecuencia dunha longa historia de contaminación tanto industrial como de residuos urbanos, é polo que presentamos esta queixa ante a comisión de peticións do parlamento Europeo.

O panorama de futuro para a Ría do Burgo resulta desalentador e escandaloso cando os vertidos séguense sucedendo de modo case continuo a pesar das continuas denuncias (no ano 2009 e no que vai de ano 2010 producíronse numerosos vertidos á Ría), debido á deficiente depuración das augas residuais urbanas dos Concellos de A Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, e pola falta de control da Administración á hora de obrigar ás empresas contaminantes a cumprir coa lexislación ambiental:

- A lentitude e pasividade da Administración e dos responsables políticos permitiron que se alcance o grado de contaminación que sofre actualmente, situación que sigue sen solución ao non destinarse partida orzamentaria para o saneamento da Ría.
- o atraso inadmisibile na posta en marcha da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR de Bens), que segundo os últimos anuncios retrasarase ata o 2010
- a falta de compromiso para poñer en marcha un plan integral de saneamento e de rexeneración da Ría, e dos seus bancos marisqueiros.
- A deixadez e incompetencia da Administración na inspección e control das empresas contaminantes.
- a falta de adopción de programas de redución da contaminación das augas da Ría do Burgo como zoa específica para a cría de moluscos.

- a nula actuación de protección dos recursos naturais co conseguinte dano medioambiental e recursos mariños vivos.

A fin de evitar un mal irrecuperable na Ría do Burgo resulta preciso:

- que se tomen medidas urxentes para poñer freo á contaminación.
- unha firme actuación na aplicación de sancións aos causantes directos e indirectos dos vertidos á Ría.
- poñer en marcha con carácter urxente un proxecto integral de saneamento e de rexeneración medioambiental para eliminar os importantes focos de contaminación que aínda existen nos Concellos de A Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros así como a retirada dos lodos dos fondos mariños que chega a alcanzar 1,90 metros de espesor facendo imposible a produción de bivalvos e xerando un perigo en caso de caída ao mar.
- posta en funcionamento urxente da EDAR de Bens.

Polo exposto,

SOLICITASE que no exercicio das súas competencias se investigue e contraste a situación dos vertidos denunciada, requerindo ao Estado Español e ao organismos responsables a fin de que se cumpran coa normativa comunitaria e se eviten os riscos que, de non cesar na contaminación, se producirían para a vida humana, o medio ambiente natural e a riqueza marisqueira, así como a xestión realizada pola comunidade autónoma de Galicia para o saneamento, procedente dos fondos europeos.

A Coruña, 27 de xullo de 2010.

Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo

I.- OUTROSI DIGO: Autorizo á Comisión de peticións do Parlamento Europeo a revelar a miña identidade e da entidade que represento nas súas xestións ante as autoridades do Estado membro ou comunidade autónoma de Galicia contra os que se dirixe a queixa.

Lugar e data ut supra.

Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo

Asdo.: representantes das organizacións